

DT 5

Serie Documentos de Trabajo



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento

Febreiro 2013

Unha cooperación galega ao desenvolvemento de cero absoluto (-273,15º). Análise do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013

José Luis Pastoriza Rozas

Contido:

1. Orzamentos 2013: a agonía da cooperación galega ao desenvolvemento?.....	2
2. Evolución do orzamento da cooperación exterior ao desenvolvemento da Xunta de Galicia: aparta mundo que te afundo!.....	3
3. A cooperación galega na escaleira: a execución da Axuda Oficial ao Desenvolvemento da Xunta de Galicia no período 2009-2012.....	5
4. Unha cooperación galega de cero absoluto: o paradoxo das convocatorias de axudas.....	7
5. Os papeis mollados e a fenda de financiamento: Lei 3/2003, Pacto Galego contra a Pobreza, Plans Directores da Cooperación Galega e programa electoral do Partido Popular.....	10
6. O naufraxio da cooperación descentralizada: políticas e modelos institucionais ventureiros, etapa de transición ou velorio?.....	12
7. E malia ser unha política pública exemplar... Señor, non nos fan xustiza!.....	14
8. Decepción, frustración e desconfianza: preguntas para a realización no fracaso.....	15
9. Por unha cooperación galega ao desenvolvemento de futuro: repensarse para existir e resistir.....	16

Principais datos:

- A cooperación galega ao desenvolvemento no Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do 2013 descende un 36% en termos relativos e 2.296.000€ en termos absolutos.
- Entre 2009 e 2013 o orzamento da Xunta de Galicia en cooperación ao desenvolvemento retrocedeu un 64% en termos relativos e 7.521.000€ en termos absolutos.
- Por vez primeira desde 2004 a Xunta de Galicia non realizará novas convocatorias de axudas e subvencións a cooperación ao desenvolvemento agás no eido da educación para o desenvolvemento.
- O Partido Popular está a poñer en risco a eficacia, calidade e impacto da política pública de cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia.
- Galicia carece dunha auténtica política pública de cooperación ao desenvolvemento que fica sometida a unha progresiva parálise política e institucional por mor dos recortes en políticas de benestar e solidariedade.
- Neste ano de barbeito financeiro ábreanse novas oportunidades para iniciar un proceso amplo de reflexión sobre a orientación estratéxica da cooperación galega de cara ao novo ciclo de planificación 2014-2017.

1. Orzamentos 2013: a agonía da cooperación galega ao desenvolvemento?

O venres 28 de decembro de 2012 foi presentado no Parlamento de Galicia o *Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2013*. Con este acto de presentación ante a Presidenta do Parlamento iníciase o longo proceso de debate parlamentario que levará á aprobación dos devanditos orzamentos no pleno orzamentario do día 26 de febreiro de 2013.

Este novo informe da Coordinadora Galega de ONGD quere presentar á opinión pública unha análise dos devanditos orzamentos en relación á esmorecente cooperación exterior ao desenvolvemento da Xunta de Galicia dando continuidade ás análises publicadas desde o ano 2009.

Consonte ao Proxecto de Lei de Orzamentos, *en 2013 a cooperación galega terá asignada unha cantidade de 4.143.379€, un 36% menos con respecto do 2012 e un 64% menos con respecto a 2009. Entre 2012 e 2013 descende o orzamento en 2.295.000€ e desde 2009 o recorte acumulado alcanza os 7.521.000€*. En síntese, os primeiros orzamentos do Goberno de D. Alberto Núñez Feijoo nesta IX Lexislatura (2012-2015) dan continuidade á “*tradición popular*” en materia de cooperación ao desenvolvemento desde o ano 2010: *o recorte*.

Pero esta situación non é nova, desde 2009 a cooperación galega ten vivido un drama de perdas, promesas incumpridas e aldraxes orzamentarias. O feble compromiso en materia de solidariedade global do Partido Popular tense materializado no progresivo enfraquecemento institucional e operativo da nosa política pública de cooperación que se sitúa fóra da prioridade dos orzamentos xerais de garantir a protección das persoas.

Malpocadamente, a continua redución á mínima expresión orzamentaria da cooperación galega a nivel autonómico e local revela a precaria saúde moral do sistema de partidos políticos galegos, tal e como xa indicabamos no ano 2012 ao falar dunha “cativa” cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia no senso de ruín. Malia que se poida argumentar que o control do déficit público, as políticas de austeridade e redución do gasto social constitúen un modelo neoliberal de resposta á crise imputable ao proxecto de goberno do Partido Popular, o desencanto das ONGD esténdese ao PSdG-PSOE e BNG que non realizaron unha aposta clara e exemplar pola cooperación ao desenvolvemento nin na Xunta de Galicia nin nos concellos nin nas deputacións que gobernan ou gobernaron nos últimos anos.

Xa que logo, a cooperación galega ao desenvolvemento, unha outra vez, representa un dos *carneiros expiatorios* das medidas de consolidación fiscal do Goberno da Xunta de Galicia e do resto de administracións públicas a nivel estatal, autonómico e local. Mentres que os orzamentos de 2012 escribiron o epitafio financeiro da cooperación galega, *os orzamentos de 2013 prolongan a agonía financeira do II Plan Director da Cooperación Galega (2010-2013)* promovido na anterior lexislatura polo propio Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia. A razón principal da actual situación de mingramento radical da cooperación ao desenvolvemento vén sendo *a falta de vontade política e o limitado compromiso político do Goberno da Xunta de Galicia coa erradicación da pobreza a nivel global*.

2. Evolución do orzamento da cooperación exterior ao desenvolvemento da Xunta de Galicia: aparta mundo que te afundo!

A seguir analizamos a evolución do orzamento de cooperación atendendo en exclusiva ao programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento xestionado pola *Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (DXRREE e UE)* da Xunta de Galicia. Na seguinte táboa, e por cuarto ano consecutivo, podemos percibir con claridade a gravísima redución do orzamento de cooperación exterior ao desenvolvemento da Xunta de Galicia durante os sucesivos Gobernos de D. Alberto Núñez Feijoo.(1)

Táboa 1: Orzamentos de Gastos da Administración Xeral da Xunta de Galicia, programa 331A Cooperación exterior ao desenvolvemento

Programa	Orzamento					Var. 2013/2012		Var. 2013/2009		Valor relativo				
	2009	2010	2011	2012	2013	Importe	Importe %	Importe	Importe %	2009	2010	2011	2012	2013
331A. Coe- peración exte- rior ao desen- volvemento	11.664	9.748	7.866	6.439	4.143	-2.296	-36%	-7.521	-64%	0,1	0,08	0,08	0,06	0,05

En concreto, *en 2013 o orzamento en cooperación da DXRREE e UE redúcese a 4.143.000€, unha cantidade que representa o 0,05% do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia. Con respecto a 2012 o recorte acada os 2.296.000€, isto é, un 36% menos que en 2012.*

Xa que logo, *desde a chegada ao Goberno da Xunta de Galicia do Partido Popular en 2009 o orzamento de cooperación ao desenvolvemento tense reducido nun 64%, o que representa unha perda total de 7,5 millóns de euros desde entón.*

Outro dato alarmante da actual Xunta de Galicia ten sido a práctica desaparición da cooperación exterior executada por outros departamentos da mesma de tal xeito que se ten empobrecido aínda máis o compromiso solidario global da Xunta de Galicia. Non obstante, neste contexto de nihilismo orzamentario ten agromado unha iniciativa pioneira da cooperación galega en Mozambique a través da alianza da DXRREE e UE e Augas de Galicia e que conta con financiamento da UE. (2)

Como podemos observar no seguinte gráfico, o orzamento do departamento responsable da cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia ten minguido retrocedendo a niveis de principios de século, en concreto a niveis do ano 2002.

Por outra banda, a serie histórica salienta un ano máis como a Xunta de Galicia se afasta do compromiso de destinar o 0,7% do seu orzamento total consolidado a cooperación a desenvolvemento. O orzamento de cooperación xestionado pola DXRREE e UE terá descendido a unha porcentaxe marxinal do 0'05% do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia, unha porcentaxe sen precedentes nos últimos doce anos.

(1) Este apartado emprega como unidade de análise o programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento que figura nos sucesivos Proxectos de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Xa que logo, non se trata do orzamento executado ou do orzamento total xestionado pola Subdirección Xeral de Cooperación Exterior da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, xa que neste programa 331A non se inclúe o capítulo II de funcionamento nin as accións de cooperación ao desenvolvemento realizadas desde outros departamentos da Xunta de Galicia.

(2) Trátase dun proxecto de abastecemento de auga de tres anos de duración financiado pola Unión Europea en Mozambique que comezou a súa execución no ano 2012 e que leva por título “Creación e reforzo de capacidades do Ara-Norte para a planificación e xestión dos recursos hídricos nas concas internas de Cabo Delgado, Mozambique”.

Gráfico 1: Orzamento en cooperación exterior da Xunta de Galicia, 2000-2013





Gráfico 2: % orzamento cooperación exterior/orzamento total consolidado da Xunta de Galicia



En relación ao esforzo inversor da Xunta de Galicia en cooperación, esta destina tan só 1,5€ por galego e galega á loita contra a pobreza global.

Táboa 2: Orzamento da Cooperación Galega en €/habitante

Ano	Habitantes	Orzamento Cooperación	€/hab.
2003	2.751.094	5.034.000€	1,82€
2004	2.750.985	5.460.000€	1,98€
2005	2.762.198	6.198.000€	2,24€
2006	2.762.524	6.993.000€	2,53€
2007	2.772.533	9.855.000€	3,38€
2008	2.784.169	11.206.000€	4,02€
2009	2.749.796	11.664.000€	4,24€
2010	2.796.089	9.748.000€	3,48€
2011	2.794.516	7.866.000€	2,81€
2012	2.778.913	6.439.000€	2,32€
2013	2.778.913	4.134.000€	1,48€

Como levamos facendo desde o ano 2009, podemos afirmar que a loita contra a pobreza está a ser unha das principais vítimas dos recortes orzamentarios ao abeiro das medidas de consolidación fiscal e loita contra o déficit da Xunta de Galicia. *Malia a retórica oficial, a cooperación ao desenvolvemento sofre as consecuencias dun axuste de contas orzamentario sen precedentes.* Como podemos observar na seguinte táboa, se os orzamentos da Xunta de Galicia minguan nun 10% entre 2010 e 2013, en troques o orzamento en cooperación contráese nun 62%.

Táboa 3: Esforzo inversor en AOD da Xunta de Galicia, 2010-2013

Ano	Total AOD Xunta de Galicia	Orzamento total consolidado Xunta de Galicia	% AOD/ Orzamento Xunta de Galicia	% Crecemento anual AOD Xunta de Galicia	% Crecemento anual orzamento Xunta de Galicia
2010	10.748.153 €	10.855.232.000€	0,10%	-12,5%	-0,4%
2011	7.008.233 €	9.871.404.000€	0,07%	-34,8%	-9,0%
2012	6.401.820 €	9.858.457.000€	0,06%	-8,6%	-4,0%
2013	4.134.000 €	9.479.889.000€	0,05%	-32,9%	-4,0%

3. A cooperación galega na escaleira: a execución da Axuda Oficial ao Desenvolvemento da Xunta de Galicia no período 2009-2012

Para alén da comparanza que temos realizado no anterior apartado das previsións orzamentarias relativas ao programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento, cómpre establecer outros criterios e variables para coñecer con maior precisión o alcance real dos recortes en cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia desde o ano 2009. A unidade de análise representado pola previsión orzamentaria do programa 331A presenta limitacións evidentes á hora de facilitar unha percepción clara do comportamento real da AOD da Xunta de Galicia e da profundidade do mingamento en termos absolutos e relativos do seu compromiso orzamentario coa erradicación da pobreza a nivel global.

Nesta ollada sobre a AOD da Xunta de Galicia integramos tanto o orzamento previsto como executado da totalidade dos departamentos da Xunta de Galicia así como o grao de execución orzamentaria en canto garantía de previsibilidade da axuda da cooperación galega.

Táboa 4: Evolución da AOD da Xunta de Galicia: previsión orzamentaria e execución 2009-2012 e hipótese 2013

Ano	Variables de análise	DXRREE e UE	Outros Departamentos	Total
2009	Total orzamentado	11.664.000	1.201.000	12.865.000
	Total executado	11.113.905	1.176.052	12.289.957
	Variación absoluta executado/orzamentado	-550.095	-24.948	-575.043
	% Executado/orzamentado	95%	98%	96%
	Variación respecto ano anterior	—	—	2.416.213
2010	Total orzamentado	9.906.864	300.000	10.206.864
	Total executado	9.839.367	908.730	10.748.097
	Variación absoluta executado/orzamentado	-67.497	608.730	541.233
	% Executado/orzamentado	99%	303%	105%
	Variación respecto do ano anterior	-609.932	-267.322	-1.541.860
2011	Total orzamentado	8.032.487	34.536	8.067.023
	Total executado	6.605.682	402.551	7.008.233
	Variación absoluta executado/orzamentado	-1.426.805	368.015	-1.058.790
	% Executado/orzamentado	82%	1166%	87%
	Variación respecto do ano anterior	3.437.547	-506.179	-3.739.864
2012	Total orzamentado	6.603.683	0,00	6.603.684
	Total executado	6.401.820	320.288	6.722.109
	Variación absoluta executado/orzamentado	-201.863	320.288	118.425
	% Executado/orzamentado	97%	-%	102%
	Variación respecto do ano anterior	203.862	-82.263	-286.124
2013	Total orzamentado (hipótese) ⁽³⁾	4.298.379	0,00	4.298.379
	Total executado (hipótese) ⁽⁴⁾	4.083.460	0,00	4.083.460
	Variación respecto do ano anterior	-2.318.360	0,00	-2.638.649

Da análise da táboa anterior podemos deducir as seguintes conclusións:

- Entre 2009 e 2012 a AOD da Xunta de Galicia perde 5.888.136€, o que representa un recorte do 48%. Se coidamos a hipótese da previsión orzamentaria de 2013, en total entre 2009 e 2013 a AOD da Xunta de Galicia descendería en 7.991.578€, un 65% menos que en 2009.
- Os anos 2011 e 2013 representan os “anni horribili” da cooperación galega, con perdas respectivas de 3.739.864€ e 2.638.649€.
- O ano 2012 actuou como un ano de transición cunha perda de 286.124€ e no que practicamente se conservou o orzamento executado do ano 2011.


(3) Para o cálculo desta cantidade tense previsto unha execución do 95% do total orzamentado.

(4) Nesta cantidade tense integrado un cálculo aproximado dos custos de funcionamento que non se contabilizan no programa 331 A.

- d) O promedio de execución do orzamento previsto sitúase no 97%. Non obstante, no ano 2011 os axustes orzamentarios do mes de maio deitaron como consecuencia que a execución orzamentaria se reducise até o 87% total, acadando un 82% no caso da DXRREE e UE. Pola contra, no ano 2010 a execución orzamentaria elevouse deica o 105% por mor das achegas extraordinarias do resto de departamentos da Xunta de Galicia.
- e) A volatilidade orzamentaria da cooperación galega revélase no feito de que entre as previsións orzamentarias de 2009 e 2013 o retroceso acadou os 8.566.621€. Ademais, as lenes perdas orzamentarias anuais entre o previsto e o executado provocan que entre 2009 e 2012 se teñan volatilizado 974.175€ durante a execución.

No seguinte gráfico podemos comprobar como se desprega no tempo a imprevisibilidade orzamentaria da AOD da Xunta de Galicia.

Gráfico 3: Orzamento previsto/orzamento executado da Xunta de Galicia, 2009-2012



Xa que logo, os gráficos 4 e 5 dannos unha visión máis acaída da auténtica realidade da cooperación galega e do seu comportamento nos últimos cinco anos.

Se nos detemos en exclusiva na AOD executada pola Xunta de Galicia e mais pola SDXCE detectamos os relanzos no profundo devalar orzamentario da cooperación galega.

Gráfico 4: AOD executada da Xunta de Galicia, 2009-2012 e hipótese 2013





Gráfico 5: AOD executada da DXRREE e UE, 2009-2012 e hipótese 2013.



Como podemos comprobar, a feitura da evolución da cooperación galega aseméllase á dunha escaleira, onde os anos 2009 e 2011 actúan coma os chanzos da mesma. Xa que logo, desta imaxe podemos concluír que un espectador alleo contemplando á cooperación galega na escaleira abofé que deduce que esta baixa.

4. Unha cooperación galega de cero absoluto: o paradoxo das convocatorias de axudas

Antes de continuar cómpre precisar que, tendo en conta os compromisos de desembolso no ano 2013 derivados das convocatorias 2012 (3.169.860€), un 74% do orzamento total vai ser canalizado a través de convocatorias, e un 60% a través de ONGD (2.566.012€), porcentaxe que medrará até o 65% previsiblemente durante a execución do orzamento da SDXCE no 2013.

Unha das principais consecuencias do orzamento previsto en cooperación para o ano 2013 vai ser a imposibilidade de acometer unha nova convocatoria dos instrumentos de axudas a ONGD e outros axentes de cooperación previstos no II Plan Director, coa excepción da convocatoria de educación para o desenvolvemento.(5)


Estas circunstancias previstas para o ano 2013 motivan que esteamos a falar dunha cooperación ao desenvolvemento de cero absoluto. Consonte á mecánica clásica, o cero absoluto (-273,15°) representa a temperatura teórica máis baixa posible, unha situación na que o sistema acadará o nivel de enerxía interna máis baixa posible de xeito que as partículas carecen de movemento. Non obstante, a mecánica cuántica precisa que o cero absoluto debe ter unha enerxía residual –enerxía de punto cero. A analoxía radica en que o “sistema de cooperación galego” vai ficar nunha situación de ausencia de novos movementos financeiros que dinamicen as enerxías do sistema. Neste senso temos que ter en conta un dobre feito: que o 70% do total da AOD da DXRREE e UE se canaliza a través de convocatorias e que, para alén dos desembolsos comprometidos nas convocatorias de axudas de 2012, a DXRREE e UE non vai realizar todas as convocatorias de axudas, quedando a “enerxía residual” do orzamento vinculado á convocatoria de educación para o desenvolvemento. Emporiso a imaxe máis acaída dos actores do sistema galego de cooperación por mor da súa profunda dependencia financeira da AOD da Xunta de Galicia será a dun ser vivo sometido a un proceso forzoso de progresiva hibernación e parálise da súa actividade habitual.

(5) Por mor da negociación da CGONGD coa Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza haberá que agardar ao resultado das emendas presentadas durante a tramitación dos orzamentos para coñecer en que convocatorias se materializa a execución do orzamento a través do Plan Anual da Cooperación Galega do 2013. De todos os xeitos, a CGONGD ten solicitado que en troques da CAP de Acción Humanitaria –tal e como se propuxera orixinalmente desde a DXRREE e UE- se destinen 200.000€ a unha nova convocatoria de actividades de educación para o desenvolvemento das ONGD.

De todos os xeitos cómpre realizar dúas precisións que nos poden axudar a situar o debate sobre os instrumentos de axuda da cooperación galega:

- a) En primeiro lugar, non debemos obviar o feito de que os instrumentos de axuda, en especial as convocatorias públicas, materializan operativamente os criterios da política pública de cooperación e as súas orientacións estratéxicas. Emporiso, as convocatorias deberían de ocupar un lugar secundario na análise nun intre en que se están a poñer en cuestión os fundamentos que lexitiman a pertinencia de contar cunha política pública de cooperación xestionada desde as administracións públicas autonómicas e locais. Xa que logo, as árbores poden non deixar ollar o bosque e, mentres se centran as enerxías na loita pola preservación dos instrumentos, pode ficar deserto o labor de construír resistencias doutrinais ao actual cuestionamento do modelo de estado e de distribución das competencias no exercicio das políticas públicas nos que se inxire o debate sobre a acción exterior do Estado e das Comunidades Autónomas.
- b) En relación ás convocatorias públicas, na seguinte figura podemos observar como se vai despregando no tempo o músculo operativo da cooperación galega nun proceso paralelo á súa maduración como política pública plasmada na xestión de maiores orzamentos e na dotación dun marco estratéxico e operativo máis ambicioso e complexo. Logo, o debate a curto e medio prazo deberíase de situar na redefinición do marco instrumental da cooperación galega co fin de adecualo á súa realidade estratéxica e orzamentaria.

Figura 1: Evolución das convocatorias públicas da cooperación da Xunta de Galicia por ano de creación do instrumento, 1994-2010



Como consecuencia da situación financeira, nos últimos tres anos, as convocatorias de axudas teñen sufrido diversos mancaduras nas súas convocatorias. A convocatoria de programas, concibido no II Plan Director como o instrumento central das reformas centradas na mellora da previsibilidade e impacto da cooperación galega, ficou sen ser convocada. Por outra banda, no 2011 a CAP de acción humanitaria foi convocada sufrindo unha modificación posterior en maio polo cal quedaba sen dotación orzamentaria. Ademais, a convocatoria de microproxectos ficou deserta ao non acadar ningunha das propostas presentadas a puntuación mínima esixida para a súa aprobación.

Agora ben, tras este breve parte de accidentes, cómpre preguntarnos se esta situación de “cero absoluto” que acabamos de sinalar, era previsible que acontecese? A resposta é afirmativa xa que houbo diversos sinais que anticiparon a situación neste 2013:

- a) As tendencias de progresivo minguamento orzamentario no eido da cooperación ao desenvolvemento facían previsible chegar a un orzamento no que unicamente se puidesen asumir compromisos de gasto.
- b) O progresivo desprazamento de cantidades significativas vencelladas a compromisos de desembolso derivados dos proxectos plurianuais financiados a través de convocatorias teñen acabado por afogar o marxe de manobra financeira e operativa da DXRREE e UE.

Como podemos observar na seguinte táboa, a progresiva contracción orzamentaria da AOD da DXRREE e UE está tendo efectos sobre os máximos subvencionables dos proxectos financiados a través de convocatorias, especialmente no casos das intervencións plurianuais e dos proxectos en agrupación.

Táboa 5: Porcentaxes das anualidades das axudas nos proxectos plurianuais financiados nas convocatorias de axudas, 2010-2012

Instrumento	Proxectos plurianuais	
2010		
	1ª anualidade	2ª anualidade
Proxectos ONGD e outros axentes	50%	50%
Educación para o desenvolvemento	40%	60%
Fortalecemento de ONGD	40%	60%
2011		
	1ª anualidade	2ª anualidade
Proxectos ONGD e outros axentes	35%	65%
Educación para o desenvolvemento	40%	60%
Fortalecemento de ONGD	40%	60%
2012		
	1ª anualidade	2ª anualidade
Proxectos ONGD e outros axentes	30%	70%
Educación para o desenvolvemento	35%	65%
Fortalecemento de ONGD	35%	65%

No caso dos proxectos no exterior de carácter plurianual as anualidades das axudas teñen retrocedido do desembolso do 50% na primeira e segunda anualidade no 2010 ao desembolso dun 35% e 65% respectivamente no 2012. Nas convocatorias de educación para o desenvolvemento e fortalecemento e consolidación de ONGD este axuste nas anualidades tense materializado no paso do desembolso do 40% e 60% no 2010 e 2011 ao libramento do 35% e 65% respectivamente no 2012.

Estes axustes nas porcentaxes dos desembolsos teñen garantido a solvencia da cooperación galega mais ao tempo xeraron un efecto de arrastre de compromisos de desembolsos para o ano seguinte ao de resolución das convocatorias nos que se integran proxectos plurianuais. Esta circunstancia mingua de vagar, nun contexto de contracción orzamentaria, as marxes de manobra financeira da DXRREE e UE en cada exercicio orzamentario ao incrementarse progresivamente os devanditos compromisos de desembolso. E as consecuencias téñense materializado no proxecto de orzamentos xerais deste ano 2013.

Xa en outubro de 2012 sinalabamos no Documento de Traballo 3 da CGONGD dedicado ás eleccións ao Parlamento de Galicia que no 2013 se podería dar un escenario mimético que conducise á Xunta de Galicia a tan só asumir os compromisos de desembolso. Este escenario construíuse unha vez coñecido o teito de gasto da Xunta de Galicia anunciado en agosto de 2012 e sobre dúas hipóteses:

- a) A Xunta de Galicia vai reducir en total entre 2009-2013 o seu orzamento de cooperación na mesma porcentaxe có Goberno Central, porcentaxe que se situaba nun 70%.
- b) A Xunta de Galicia vaise situar no mesmo nivel de orzamento absoluto anual có resto de Comunidades Autónomas. O promedio autonómico sitúase en niveis de orzamento semellantes ao do ano 2001.

En relación á primeira hipótese, a redución da Xunta de Galicia neste proxecto de orzamentos do 2013 acada o 65% acumulado, mentres que no caso da segunda hipótese, a Xunta de Galicia sitúa este orzamento a niveis de 2002.

Nesta situación de crise e ante a dupla ausencia, en primeiro lugar, dunha proposta singular e definida do modelo de cooperación da Xunta de Galicia e, en segundo lugar, dun compromiso real do Partido Popular de Galicia coa axuda ao desenvolvemento, semellaba razoable albiscar un comportamento baseado na imitación das decisións do resto de Comunidades Autónomas e mais do Goberno de España.

Dentro da recorrente idea da crise como oportunidade, a liberación en 2013 dos compromisos de desembolso quizais permita iniciar un amplo proceso de reflexión sobre o futuro modelo estratéxico e operativo da cooperación galega. De feito, un dos principais atrancos para o pleno despregue dos efectos correctores do *II Plan Director da Cooperación Galega (2010-2013)* ten sido os compromisos financeiros derivados da execución dos programas e das Iniciativas de Desenvolvemento Integral, que absorberon progresivamente unha porcentaxe cada vez máis ampla das minguantes capacidades financeiras da cooperación galega nun contexto de raquitismo financeiro.

5. Os papeis mollados e a fenda de financiamento: Lei 3/2003, Pacto Galego contra a Pobreza, Plans Directores da Cooperación Galega e programa electoral do Partido Popular

En xuño de 2013 cúmprese o X aniversario da aprobación da Lei galega de Cooperación para o Desenvolvemento. Non obstante, non están as ONGD para moitas celebracións do triunfo en sede parlamentaria da soberanía popular galega respecto da solidariedade global xa que os recortes orzamentarios dos últimos catro anos están a converter, obviamente, en papel mollado os documentos políticos e estratéxicos que orientan á cooperación galega.

Por outra banda, como podemos observar no seguinte cadro, o programa electoral do PPdG ás eleccións de outubro de 2012 ao Parlamento de Galicia non establece nin determina un marco orzamentario ou un indicador económico relativo ao apoio orzamentario que a cooperación ao desenvolvemento recibirá ao longo desta IX lexislatura (2012-2015). Este programa céntrase fundamentalmente en definir o compromiso coa elaboración do *III Plan Director da Cooperación Galega (2014-2017)* e enumera un conxunto de principios e contidos de mínimos que deberían de orientar a súa elaboración e execución.

Cadro 1: Marco lexislativo e estratéxico da cooperación galega e programa electoral do Partido Popular

Documento	Previsións, indicadores e contidos
2003: <i>Lei 3/2003, de 19 de xuño, de Cooperación para o Desenvolvemento</i>	Art. 29. Recursos financeiros. 1. A Lei de orzamentos fixará anualmente os créditos destinados á cooperación para o desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas orientacións contidas no plan anual correspondente, que tenderán progresivamente a acadalo mínimo do 0,7% dos orzamentos da Xunta de Galicia.
2006: <i>I Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (2006-2009)</i>	Marco orzamentario: Acadar ao remate do Plan o 0'4 dos orzamentos para a cooperación ao desenvolvemento. Incrementar nun mínimo do 50% anual os orzamentos dedicados pola Xunta de Galicia á cooperación ao desenvolvemento.
2010: <i>II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (2010-2013)</i>	Obxectivo específico 6.1. Seguir unha programación que permita asegurar ao finalizar o período de vixencia do II Plan director cun incremento dos recursos de entre un 50% e un 100% con respecto aos recursos dedicados en 2009. Indicador I.6.1.1. Logrouse manter unha tendencia ascendente no volume anual da axuda desembolsada, acadándose en 2013 un desembolso anual de entre 17,5 millóns e 23,2 millóns de euros.

<p>2010: Pacto Galego contra a Pobreza</p>	<p>4. Medidas de xestión 4.1. Axuda ao desenvolvemento a. Manter un esforzo en materia de Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) que garanta que, antes do remate de 2017, alomenos o 0,7% do rozamento consolidado da Xunta de Galicia estará dedicado a esta finalidade, tal e como obriga o artigo 29.1. da Lei 3/2003 de cooperación ao desenvolvemento de Galicia.</p>
<p>2012: Programa electoral do Partido Popular de Galicia ás eleccións ao Parlamento de Galicia de outubro de 2012.</p>	<p>Relacións institucionais. Cooperación ao desenvolvemento. O contexto económico está a dificultar o apoio orzamentario que as administracións poden adicar á cooperación ao desenvolvemento, pero o PPdeG está convencido da necesidade da solidariedade e da contribución a todos os niveis para a loita contra a pobreza extrema e a fame, o que se ten traducido durante esta lexislatura na elaboración e aprobación do II Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013, do que neste tempo se veñen dando cumprimento aos seus compromisos básicos. En relación coa cooperación para o desenvolvemento nos vindeiros anos, o PPdeG comprométese a: Iniciar o proceso de elaboración do III Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017, que teña un carácter estratéxico e que se baseará nos seguintes principios:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Especialización da cooperación galega, aproveitando as nosas vantaxes comparativas e a nosa experiencia nalgúns eidos. • Cooperación participativa. • Aumento da eficacia e o impacto das actuacións de cooperación. • Establecemento de prioridades xeográficas e sectoriais que permitan unha maior concentración das axudas. • Coordinación e complementariedade con todas as administracións que traballan no eido da cooperación. • Busca de fontes alternativas de financiamento.

A táboa anterior constitúe un “lugar de memoria” desde o cal podemos analizar o principal atranco para o pleno desenvolvemento dunha cooperación galega eficaz e de calidade dentro do proxecto reformista definido polo II Plan Director. Este atranco céntrase na crónica fenda de financiamento da cooperación galega respecto das previsións contidas no II Plan Director. Como se pode observar, o II Plan Director finará operativamente arrastrando unha fenda de financiamento que abrangue os 13 millóns de euros, con respecto do mínimo previsto para ser acadado en 2013, e de preto de 19 millóns de euros en relación á previsión orzamentaria máis optimista.

Gráfico 6: Fenda de financiamento respecto do mínimo previsto no II Plan Director da Cooperación Galega, 2010-2013






Gráfico 7: Fenda de financiamento respecto do máximo previsto no II Plan Director da Cooperación Galega, 2010-2013



Se centramos a fenda de financiamento nas previsións establecidas na Lei 3/2003 de cooperación ao desenvolvemento e no *Pacto Galego contra a Pobreza*, podemos comprobar a distancia insuperable que afasta á cooperación galega do cumprimento efectivo das devanditas promesas legais e políticas. En 2013, a Xunta de Galicia estará a 62 millóns de euros de acadar a reivindicación histórica das organizacións da sociedade civil de destinar o 0,7% do seu orzamento total consolidado a cooperación ao desenvolvemento.

Gráfico 8: Fenda de financiamento respecto do 0,7% do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia



En concreto, destinar o 0,7% do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia a cooperación ao desenvolvemento implicaría contar cun orzamento de 66 millóns de euros. Agora ben, estaría a opinión pública e a cidadanía a favor deste desembolso nun contexto de mensaxes partidarios do “nacionalismo da solidariedade” que opón os “nosos pobres” aos “outros pobres”? Esta pregunta debe cuestionar seriamente aos actores de cooperación respecto de dous elementos: en primeiro lugar, verbo do alcance real do respaldo da súa base social así como da súa capacidade de penetración no imaxinario solidario da cidadanía na actual situación de crise. En segundo lugar, esta pregunta tamén debe provocar unha reflexión sobre cal debería de ser a capacidade institucional dos actores galegos de cooperación no caso de contar cun orzamento semellante.

6. O naufraxio da cooperación descentralizada: políticas e modelos institucionais ventureiros, etapa de transición ou velorio?

Un dos principais elementos que están a afectar con gravidade á actual situación vén sendo que, mentres que a cooperación descentralizada española medrou dun xeito espectacular a nivel orzamentario, institucional e operativo desde o ano 2004, este crecemento non se viu acompañado por un proceso paralelo de xeración dunha base de coñecemento rigurosa e suficiente para fundamentar as súas supostas fortalezas e vantaxes comparativas. Pola contra, este vizoso desenvolvemento epistemolóxico ten chegado de xeito serodio e nun intre en que as evidencias que desvelaban as limitacións do modelo convencional de cooperación descentralizada non se puideron materializar nun itinerario de reforma da política pública de cooperación descentralizada que establecese resistencias ao “dano” da cicloxénese explosiva da crise financeira e fiscal que se materializou en políticas de austeridade.


Lamentablemente, este proceso reformista ten ficado a medio desenvolver entre o desinterese dos actores políticos e a falla de atención dos máis dos actores de desenvolvemento. No caso das ONGD, a preocupación central no período expansivo dos orzamentos en AOD centrouse en dotarse de estruturas organizativas quen de xestionar o manantío de recursos públicos e de xeito reactivo ás esixencias normativas e burocráticas das administracións públicas.

Esta prioridade ten provocado en moitos casos o desleixamento do coidado da súa base social, da construción de narrativas alternativas e da reafirmación do seu papel como actores políticos. En consecuencia tense promovido indirectamente unha imaxe redutora de simples “xestores da cooperación” ou de “vividores da cooperación”, como lle apoñen con xenreira os seus detractores. Ante estas debilidades, a gravidade e profundidade da crise ten provocado o progresivo desmantelamento dos orzamentos de cooperación e o enfraquecemento dos modelos institucionais desenvolvidos entre 2005 e 2010. Emporiso, estamos a falar dunha política de cooperación ventureira que viviu unha vida breve e intensa a través dun dobre proceso antagónico: a canalización masiva dos seus desembolsos a través de ONGD, fundamentalmente, e a imitación das estruturas institucionais da acción exterior do Estado no eido da cooperación ao desenvolvemento.

Como indicabamos, unha das virtudes da crise poderá materializarse na esixencia de repensar os modelos institucionais, estratéxicos e operativos da cooperación descentralizada. No caso da cooperación galega, esta tense caracterizado historicamente por unha actitude de seguidismo como se comproba na serodia implementación dos avances políticos e técnicos acometidos por outras cooperación autónomas. Esta limitada proactividade da cooperación galega ten derivado en que se teña atopado nunha terra de ningures no medio da crise, adoecendo dun histórico raquitismo financeiro e cun modelo pouco maduro e específico de cooperación construído de costas ás súas posibles vantaxes comparativas e valor engadido.

No gráfico seguinte realizamos unha cartografía sinxela onde situar as diferentes comunidades autónomas españolas, exemplificándoa en catro delas (Andalucía, Castela-A Mancha, País Vasco e Galicia). Nestes intres o debate radica tanto nas condicións materiais da política pública de cooperación (dotación orzamentaria, marco estratéxico, operativo e instrumental, etc.), como na visión política e ideolóxica da cooperación ao desenvolvemento nun intre de redefinición da acción exterior do Estado dentro dun debate máis amplo sobre o propio modelo de Estado definido na Constitución de 1978.

Figura 2: Modelos institucionais da cooperación autónoma



Neste senso as variables que temos empregado teñen sido a solvencia financeira da cooperación nun intre de tensións de tesourería das Administracións Públicas que está a xerar un libramento tardío das axudas, a maior ou menor institucionalización sobre a base da existencia dunha axencia autonómica de cooperación, o compromiso político coa cooperación ao desenvolvemento do partido político responsable desta área no goberno autonómico e a aposta por un modelo de acción exterior onde as competencias sexan lideradas, dirixidas ou supervisadas polo Goberno Central ou que aposte por un modelo máis avanzado sobre a base dun profundamento na acción exterior autónoma da Comunidade Autónoma. Como podemos observar, no caso de Galicia estamos ante unha cooperación ao desenvolvemento con solvencia financeira, mais cunha baixa institucionalización e compromiso político coa cooperación así como cun modelo de acción exterior baseado na unidade de acción e lealdade ás orientacións do Goberno Central.

Xa que logo, neste contexto, nos vindeiros meses será necesario espreguizar o debate en Galicia respecto de que modelo de cooperación ao desenvolvemento se materializará no *III Plan Director da Cooperación Galega (2014-2017)* sendo conscientes das limitacións que impón o marco orzamentario así como o novo espazo de acción exterior da nosa Comunidade Autónoma dentro do proceso de aliñamento da acción exterior da Xunta de Galicia no eido da cooperación coas directrices definidas desde o Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación materializadas no recentemente aprobado *IV Plan Director da Cooperación Española (2013-2016)*. Anticiparnos, logo, permitirá vivir o ano 2013 como unha etapa de transición e arredar as pantasma relativas ao velorio da cooperación galega.

7. E malia ser unha política pública exemplar... Señor, non nos fan xustiza!

Entre as diferentes fontes de frustración das ONGD e da sociedade civil en relación á situación actual, unha delas nace da convicción de que a cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia constitúe unha política pública maltratada.

Ao noso entender, a cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia representa unha **política pública exemplar** no senso de que:

- a) Trátase dunha política pública que conta cun marco estratéxico (*II Plan Director da Cooperación Galega*) que nace dunha ampla participación dos actores galegos de desenvolvemento recoñecidos pola Lei 3/2003 de cooperación ao desenvolvemento.
- b) O marco de resultados que integra o *II Plan Director da Cooperación Galega* ten permitido un razoable nivel de éxito na consecución dos resultados previstos no mesmo.
- c) As accións e actividades de cooperación están sometidos a unha rigurosa fiscalización e control do gasto por parte do departamento responsable e mais da intervención da Xunta de Galicia.
- d) Esta política pública conta cunha exemplar rendición de contas e transparencia por parte do departamento responsable.
- e) A promoción de avaliacións respecto das intervencións de cooperación ten permitido xerar un control sobre os resultados das accións financiadas e establecer un marco de aprendizaxe para mellorar a eficiencia e eficacia das mesmas.

Por mor de todas estas características, podemos afirmar que a cooperación galega ao desenvolvemento salva vidas, promove o desenvolvemento das comunidades empobrecidas e amplía as oportunidades das persoas e colectivos beneficiarios para levar unha vida digna e en liberdade.

De feito, dentro do xiro discursivo que ampara as políticas de contención do gasto público, debemos profundar desde as ONGD verbo da xeración dunha lexitimación da cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia en base a dous argumentos:

- a) En primeiro lugar, que a cooperación galega representa unha extensión cosmopolita da política social da Xunta de Galicia xa que un 40% dos seus desembolsos se destinan a servizos sociais básicos.
- b) En segundo lugar, que unha alta porcentaxe da AOD da Xunta de Galicia se dirixe a sectores produtivos dos países socios de xeito que promoven a xeración de riqueza, crecemento económico sostible e oportunidades de emprego para as persoas.

Esta puntualización nace da necesidade de acometer unha reflexión real sobre as posibilidades operativas da cooperación galega. A cooperación galega non pode representar unha imitación a menor escala da cooperación española e tampouco pode trasladar inxenuamente e sen reflexión crítica os debates globais sobre desenvolvemento. A percepción que se pode obter da análise dos instrumentos de planificación das cooperación autónomas vén sendo que estas acolleron, por exemplo, o debate sobre a eficacia da axuda sen peneiralo reflexivamente sobre a base das súas vantaxes comparativas, o seu valor engadido ou sobre a súa propia filosofía de desenvolvemento. Estes procesos deron lugar na política de cooperación a procesos estratéxicos e institucionais de baixo valor baseados na simple imitación. Malia as virtudes correctoras dos criterios da eficacia da axuda sobre os vicios da cooperación descentralizada, cómpre incentivar unha proceso de “abaixo-arriba” que acomode os procesos máis globais de definición da arquitectura da axuda ao modelo galego de cooperación que aínda segue pendente de se definir substancialmente.

8. Decepción, frustración e desconfianza: preguntas para a realización no fracaso

Co fin de abordar a análise do actual contexto negativo orzamentario para a cooperación galega ao desenvolvemento, debemos de empregar unha estratexia que nos permita alcanzar a pregunta para o cal o actual proxecto de lei de orzamentos representa a resposta. Analizando o estado da opinión pública e da cidadanía en xeral, podemos conxeturar que a pregunta se formularía do seguinte xeito:

“É compatible afrontar recortes nas políticas sociais así como no alcance do Estado do Benestar en España mentres se destina unha porcentaxe da riqueza nacional a cooperación ao desenvolvemento en terceiros países por parte das Administracións Públicas?”

Malpocadamente, unha revisión das declaracións dos representantes políticos así como dos comentarios da cidadanía nos xornais dixitais que publican novas relativas a AOD provoca un efecto desacougador por canto revela a penetración nas análises cotiás dos discurso favorables á “repatriación e nacionalización da solidariedade” así como á “expropiación forzosa dos bens públicos globais”. O “estado de shock” provocado pola crise no maxín da cidadanía en troques de favorecer lóxicas inclusivas (e...e) ten ampliado a gama preexistente de tendencias sociais partidarias de lóxicas excluíntes (ou...ou) e de prácticas caritativo-asistencialistas arredadas das demandas profundas de xustiza e dos valores ético-universais que agroman arredor da solidariedade.

A lóxica da pregunta e da resposta que artellamos neste apartado debe de ser combinada coa asunción por parte das ONGD da necesidade de se realizar no fracaso. Os supostos alicerces da política de cooperación ao desenvolvemento fundamentados no mandato da cidadanía ou na expresión da súa vocación solidaria global téñense revelado febles e pouco sólidos como temos visto. Emporiso, estes intres de desafección

afectiva por parte da cidadanía e de “destrución creativa” do anterior modelo de políticas públicas deben ser aproveitados como tempos de barbeito operativo para as ONGD abrindo tempos e espazos para o labor de repensar, refacer e construír novas alternativas de saberes e poderes que, desde as organizacións da sociedade civil, artellen resistencias con vocación de reconquistar o espazo público onde se definen os deberes e responsabilidades de España e Galicia na promoción da xustiza global e dos bens públicos globais.

Xa que logo, na actual situación e co fin de definir os marcos de negociación e de protesta, ao noso entender as preguntas pertinentes a formular ao Goberno da Xunta de Galicia cóntanse a tres:

- a) *Vaise elaborar un III Plan Director da Cooperación Galega que abranga o período 2014-2017?*
- b) *Seguirá existindo a Subdirección Xeral de Cooperación Exterior ao longo desta lexislatura?*
- c) *Hai algún tipo de previsión orzamentaria en cooperación para os vindeiros catro anos? Existe unha previsión dun limiar mínimo de orzamento?*

Trátase, logo, de xerar respostas afirmativas que establezan garantías sobre o marco estratéxico e a capacidade institucional da cooperación galega de xeito que o orzamento da Xunta de Galicia siga nutrindo con realismo as posibilidades instrumentais e a capacidade operativa do sistema galego de cooperación no seu conxunto.

9. Por unha cooperación galega ao desenvolvemento de futuro: repensarse para existir e resistir

Na cidade de Delfos, na antiga Grecia, localizábase o “oráculo de Delfos”, lugar de peregrinación dos gregos á hora de albiscar o futuro entre as mensaxes ambiguas da pitonisa ao servizo do Deus Apolo. Mais a cidade estaba cuberta por inscricións con dúas mensaxes: “coñécete a ti mesmo” e “nada en exceso”. Arestora, semellan os tempos cumpridos para reactualizar as mensaxes délficas e poñelas ao servizo da construción do futuro estratéxico da cooperación galega a curto prazo.

En primeiro lugar, cómpre impulsar con decisión o coñecemento da cooperación galega a través tanto das avaliacións das súas intervencións, convocatorias e marco estratéxico como da realización de investigacións independentes sobre o impacto, eficacia e modelo da cooperación galega ou sobre as capacidades dos seus actores. Sen avanzarmos nun coñecemento cabal de nós mesmos non lograremos reconciliar os tópicos e “sabedoría popular” sobre a cooperación galega con evidencias que midan o alcance dos nosos logros ou reforcen as mensaxes relativas ao “bo facer” e calidade da AOD galega.

En segundo lugar, cómpre adecuar a cooperación galega no seu conxunto á capacidade realmente instalada en Galicia por parte dos actores de cooperación. Malia os efectos correctores do II Plan Director, este deseño estratéxico procurou negociar intereses contrapostos sen liderar efectivamente unha estratexia de cooperación acaída e axustada á capacidade do sistema no seu conxunto. Neste senso, os planes directores adoceron de grandilocuencia estratéxica e fracasaron na regulación real das capacidades institucionais e operativas do sector da cooperación galega. Polo tanto, na planificación non se abordou con honestidade a cuestión relativa a qué se pode facer desde Galicia na loita contra a pobreza global e na promoción do desenvolvemento desde unha situación histórica de irrelevancia e marxinalidade política e orzamentaria.

Noutros termos, o Plan Director acolleu todo un feixe de “deber ser” contidos na axenda global de de-

envolvemento. Non obstante estes “deber ser” non contaron con condicións materiais de posibilidade para a súa realización de xeito que na execución tanto do I coma do II Plan Director profundouse na fenda que separa o “deber ser” do “ser” efectivo da cooperación galega. É dicir, os desexos ficaron insatisfeitos xa que as limitacións da realidade asoballaron os ideais contidos nos planos estratéxicos e esta situación conduce por necesidade á frustración e ao desencantamento.

Como antídoto da frustración suxerimos recorrer ao aforismo délfico do “nada en exceso”. É dicir, debemos integrar como criterio da política pública de cooperación o sentidíño e a prudencia que reconcilie os nosos desexos coas nosas propias capacidades combinándoo con altas doses de pragmatismo e realismo. Neste senso trátase de partir do “ser” da cooperación galega na súa traxectoria histórica para chantar unha serie de marcos que couten a agra da cooperación galega e nos sinalen o camiño dentro do cal se pode arar cos bois que temos.

Noutro lugar xa indicamos cal debería de ser o punto de partida para o novo ciclo de planificación da cooperación galega desde un exercicio realista de autoestima. En concreto coidamos que a cooperación galega pode gabarse de ter camiñado modestamente nos seguintes eidos nos últimos anos:

- a) O traballo a prol da democratización con enfoque de dereitos e de fortalecemento da sociedade civil e dos socios locais de desenvolvemento mediante a promoción da apropiación local democrática.
- b) Un estilo de cooperación baseado no acompañamento, a confianza e a xeración de alianzas.
- c) O diálogo activo cos actores galegos de cooperación así como a promoción da súa participación na xestión da cooperación galega (planificación, avaliación, rendición de contas, etc.)
- d) A aposta pola innovación desde proxectos piloto.
- e) A especialización en sectores produtivos, servizos sociais básicos e fortalecemento da sociedade civil.
- f) O fomento da educación para o desenvolvemento en chave de participación social e empoderamento para a construción dunha cidadanía global comprometida e solidaria desde o local.

Unha outra vez recuncamos en sinalar estes puntos de partida co fin de situar unhas bases desde as cales avanzar cara a unha cooperación galega de calidade no período 2014-2017 e que ciframos en:

- a) Renovar o marco normativo da cooperación galega coa elaboración dunha nova Lei galega de cooperación ao desenvolvemento que permita, de vez, mellorar a operatividade e funcionalidade dos espazos de participación e coordinación.
- b) Avanzar na promoción do rol da Xunta de Galicia como socio de traballo dos actores galegos de cooperación e non só como financiador.
- c) Acelerar a concentración xeográfica da cooperación galega nun máximo de 6 países prioritarios (Guatemala, Nicaragua, Perú, Bolivia, Ecuador e República Dominicana).
- d) Profundar na especialización sectorial en sectores produtivos (pesca, agricultura e desenvolvemento rural), servizos sociais básicos (educación, abastecemento de auga e saneamento) e fortalecemento da sociedade civil nos países socios.
- e) Reducir o actual músculo operativo da cooperación galega acomodándoo ao financiamento dispoñible canalizando os fondos desembolsables a través das convocatorias de proxectos no exterior

(70%), acción humanitaria (20%) e educación para o desenvolvemento (10%).

- f) Impulsar novas alianzas locais de desenvolvemento multiactor e multisectorial que faciliten un marco plurianual de actuación e financiamento en base á concentración de recursos e activos nunha zona xeograficamente delimitada.
- g) Apostar polo financiamento de proxectos de cooperación no exterior con marcos de planificación e financiamento máis amplos reducindo a fragmentación da axuda.
- h) Incentivar as complementariedades e o traballo conxunto entre os actores galegos de cooperación.
- i) Fortalecer a educación para o desenvolvemento coa xeración de alianzas de traballo coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades galegas, o aumento do seu financiamento e a elaboración dunha estratexia específica.
- l) Realizar un maior investimento para mellorar a capacidade institucional da Xunta de Galicia a nivel de recursos humanos, avaliación e investigación para o desenvolvemento.

Nesta breve escolma de elementos estruturais do vindeiro Plan Director temos sido conscientes das diversas exclusións que realizamos. En concreto, queremos sinalar como lugares do debate a necesidade de revisitar criticamente a proxección da cooperación galega cara á lusofonía, o establecemento de freos e contrapesos ao “colonialismo interno” das ONGD con sedes centrais fóra de Galicia, o artellamento de mecanismos para consolidar o fortalecemento das ONGD propiamente galegas, a xeración de espazos de traballo e intercambio de experiencias coa cooperación portuguesa ao desenvolvemento dentro da imprescindible proxección europea das ONGD galegas na procura de financiamento así como de promoción activa do traballo transfronteirizo.


En conclusión, neste documento de traballo coidamos ter ofrecido apuntamentos, análises e reflexións que degoiramos actúen como terapia do pesimismo actual nas ONGD e sirvan para prender o lume do necesario debate previo á calquera ciclo de planificación como o que viviremos en Galicia a finais do 2013 e comezos do 2014. As incertezas actuais atrancan calquera posibilidade de xogar á futuroloxía, agora ben, o reto e desafío de futuro radica en non renderse e seguir construíndo unha cooperación galega de calidade e eficaz con migallas orzamentarias a curto prazo mais de xeito que 2013 vire en fermento dunha nova realidade da cooperación galega a medio prazo. Non obstante, esta realización no fracaso e na frustración non debe significar que renunciemos á fidelidade persoal e ao compromiso organizativo coa realización dos ideais de xustiza, liberdade, igualdade e fraternidade que alentan o traballo cotiá das persoas e organizacións comprometidas coa loita contra a pobreza e a desigualdade en tempos nos que cómpren máis que nunca persoas e institucións boas e xenerosas que queimen a súa vida contra a barbarie da fame, a pobreza extrema, a exclusión ou a vulneración dos dereitos humanos.

10. Anexo


Mapa 1: Países prioritarios do II Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013



Mapa 2: Principais áreas xeográficas receptoras de AOD da Xunta de Galicia, 2010-2011



Mapa 3: Principais países receptores da AOD da Xunta de Galicia por número de intervencións financiadas, 2010-2011



Para saber máis:

- BANDEIRA, P., (2010), *Informe sobre la calidad de la ayuda del Gobierno de España*, Madrid: DeCiDe.
- GUZMÁN, M.T., (2011), *La cooperación descentralizada que proponemos las ONGD*, Alboan.
- LARRÚ, J.M., (2011), *Informe II: La AOD española: diagnóstico sobre su calidad y cantidad. Hacia un libro blanco de la política española de desarrollo*, Madrid: CIECODE.
- MARTÍNEZ, I., (2011), *Por una cooperación descentralizada de calidad: reflexiones para avanzar hacia una mayor eficacia*, Valencia: Universitat Jaume I.
- MARTÍNEZ, I., y SANAHUJA, J.A., (2009), *La agenda internacional de eficacia de la ayuda y la cooperación descentralizada en España*, Documento de trabajo nº 38, Madrid: Fundación Carolina-CeALCI.
- MARTÍNEZ, I., y SANAHUJA, J.A., (Coords.) (2012), *Eficacia de la ayuda y división del trabajo: Retos para la cooperación descentralizada española*, Madrid: CEIPAZ-Fundación Cultura de Paz.
- PASTORIZA ROZAS, J.L., (2011a), *Unha cooperación pobre para os máis pobres. Análise do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011*, Documento de Traballo 1, Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGD.
- PASTORIZA ROZAS, J.L., (2011b), *Unha cooperación cativa para os máis pobres. Análise do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012*, Documento de Traballo 2, Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGD.
- PASTORIZA ROZAS, J.L., (2012a), *AOD en educación en Galicia: la cooperación gallega en el período 2006-2010*, Santiago de Compostela: Campaña Mundial pola Educación.
- PASTORIZA ROZAS, J.L., (2012b), *Bandeiras, pastillas e océanos azuis. A cooperación galega de cara ás eleccións ao Parlamento de Galicia de outubro de 2012*, Documento de Traballo 4, Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGD.
- PASTORIZA ROZAS, J.L., (2012c), “As ONGD e o sistema galego de cooperación: repensarse desde a experiencia da crise” en *40°N8W. Revista de la Asociación de Becarios de la Fundación Barrié*, nº15, junio 2011-junio 2012, pp. 75-79.
- PASTORIZA ROZAS, J.L. e GARCÍA VARELA, L., (2009), *A cooperación galega no lusco e fusco da crise. Análise do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010*, Documento de Traballo 3, Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGD.
- PASTORIZA ROZAS, J.L. et al., (2012), *División del trabajo y complementariedad en la cooperación andaluza al desarrollo: la educación en el período 2006-2010*, Sevilla: Entreculturas-Fundación ETEA.
- PASTORIZA ROZAS, J.L. e DOVAL LODEIRO, L., (2012), *Avaliación intermedia do II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (2010-2013). Análise do bienio 2010-2011*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- PASTORIZA ROZAS, J.L., e TEIJO GARCÍA, C., (2012), “Crisis en la cooperación descentralizada española: ¿oportunidad o negra sombra?” en *Tiempo de Paz*, nº 105, verano 2012.
- TORRES BOUZA, X.M., e MARTIN ROCHA, F., (2009), ‘A cooperación internacional do bipartito (PSdG -PSOE e BNG): Crónica dun desencanto’ en *Tempo exterior* nº 19, Vol. X (I), 2009, pp. 113-137.

1991 - 2011



aniversario

Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento

Rúa dos Basquiños 33 1º A
15704 □ Santiago de Compostela
981 585 189 □ 618 626 627
sensibilizacion@galiciasolidaria.org
www.galiciasolidaria.org

José Luis Pastoriza Rozas (Vigo, 1977). Licenciado en Filosofía (2002) e Máster en Desenvolvemento Local (2003) pola Universidade de Santiago de Compostela. MSc NGOs and Development pola London School of Economics & Political Science (2009). Investigador especializado en análise e avaliación de políticas de cooperación e educación para a cidadanía global.

Permitida a reprodución total e parcial dos contidos desta publicación coa mención da fonte. Descarga gratuíta na web da Coordinadora Galega de ONGD.